

Os nosos apelidos



Nesta recta final, imos achegarnos aos nosos apelidos para coñecer a súa riqueza.

A maioría dos apelidos galegos corresponden a un destes significados:

- **Patronímicos:** proceden do nome do pai e significan “fillo/a de”. Fórmanse engadindo o sufixo -ez: López (fillo de Lopo), Pérez (fillo de Pero)...
- **Toponímicos:** derivan dun nome de lugar: Castelo, Abeleda, Lemos, Castro, Vilar... e ás veces van precedidos de preposición: Davila, Docampo... Hai algúns referidos ao mundo vexetal: Pereira ou Piñeiro, por exemplo.
- **De oficio ou profesión:** Ferreiro, Cabaleiro, Labrador...
- **Derivados de alcumes** referentes a características físicas ou psíquicas dunha persoa: Rubio, Garrido, Alegre, Preto... Tamén os procedentes do mundo animal: Raposo, Rato...

Procura información sobre os teus apelidos e realiza un breve traballo no que presentes os seguintes datos sempre que sexa posible:

- Orixe
- Significado
- Cantas persoas o posúen en Galicia? E en Chantada? En que concellos ten maior presenza.

Para dar resposta a estas preguntas, debes consultar a [Cartografía dos apelidos de Galicia](#). Ao introducir os teus apelidos, a páxina xerarache un mapa de Galicia cun código de cores que che permitirá coñecer onde é máis ou menos frecuente cada un dos teus apelidos.

- De forma voluntaria, podes consultar tamén a súa concentración en España a través da seguinte ligazón: <https://www.ine.es/widgets/nombApell/index.shtml> e a nivel mundial en <https://forebears.io/>.
- Podes incluír outros datos que consideredes de interese ou que vos chamasen a atención.

Valorarase a presentación, a expresión e a ortografía, pero non se aceptarán traballos que se limiten a un copia e pega da información de Internet. Debes procurar os datos solicitados, sintetizalos e redactar un traballo propio coas vosas palabras. Así mesmo, debes incluír algún mapa sacado das aplicacións presentadas anteriormente.